



MEMORIA ANUAL DE ACTIVIDADES 2014

1. Programación de 5 xornadas na Casa das Ínsuas de Rábade, no mes de xaneiro de 2014, para dar a coñecer o patrimonio natural lucense.
2. Participación no Proxecto de mellora das posibilidades de supervivencia do Zarapito Real en colaboración co grupo de Biodiversidade Animal da Universidade de Santiago de Compostela.
3. Convenio entre a Deputación de Lugo e o Concello do Valadouro para a posta en marcha da 1ª escola pública e gratuíta de Horticultura ecolóxica en Galicia.
4. Promoción das actividades do Centro de Interpretación Terras do Miño mediante o envío de cartas informativas a todos os alcaldes e centros educativos de ensinanza infantil, primaria e secundaria da provincia.
5. Actividades gratuítas no Centro de Interpretación Terras do Miño durante os catro trimestres do ano 2014
6. Celebración do III Encontro Galego de Custodia del Territorio os días 31 de xaneiro e 1 de febreiro de 2014 no Centro de Conservación e Estudio da Natureza na Casa das Ínsuas.
7. Celebración do Día Mundial dos Humidais no CEIP de Santa María do Valadouro o día 13 de febreiro de 2014.
8. Celebración da xornada “Conservación de valores naturais e da paisaxe na Reserva da Biosfera Terras do Miño mediante a promoción dos sistemas alimentarios locais os días 4 a 8 de marzo, no IBADER, campus de Lugo da USC.



9. Presentación dos traballos realizados polos alumnos do Máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza da USC (Guías, CD de sons, material didáctico, etc.) o 10 de marzo de 2014.
10. Celebración dos Días Mundiais da Árbore e da Auga os días 21 e 22 de marzo de 2014 co libro “O tesouro das Terras do Miño”.
11. Sinalización da Ruta Botánica do Campus de Lugo da USC mediante a colocación de 4 grandes paneis xerais e outro 22 con información sobre especies de flora leñosas o 27 de marzo de 2014.
12. Reunión do Consello de Xestores de Reservas de la Biosfera celebrado os días 9, 10 e 11 de abril de 2014 na Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.
13. Participación no X Congreso Internacional de Ciencias do Deporte e Educación Física (8–10 de maio en Pontevedra) do Máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza da USC, coa presentación dos traballos realizados en colaboración coa RB Terras do Miño.
14. Edición dixital da obra “Ruta Botánica polo Campus de Lugo–Reserva da Biosfera Terras do Miño” en colaboración coa USC en maio de 2014.
15. Apoio ao proxecto “Fomento e mellora apícola da Reserva da Biosfera Terras do Miño sobre a base dos criterios de produción sustentable e ecolóxica. Ordeación e valorización do sector apícola e obtención dunha metodoloxía exportable a outros territorios” que o CRAEGA presentou á Convocatoria da Fundación Biodiversidad.
16. Participación no Simposio de Agricultura Familiar Agroecolóxica do 18 ao 20 de xuño de 2014 na sede do IBADER– Campus Universitario de Lugo da USC.
17. Participación no Curso de Verán 2014 “A xestión e conservación dos Humedais Continentais no Marco da Estratexia da Unión Europea sobre



a Biodiversidade” do 14 ao 16 de xullo de 2014 na sede do IBADER–
Campus Universitario de Lugo da USC.

- 18.Participación no Curso de Verán 2014 “As plantas medicinais no desenvolvemento sostible das RB Terras do Miño e Os Ancares Lucenses” do 28 ao 31 de xullo de 2014.
- 19.Celebración da II Edición do Campus de Emprendemento Sostible no Centro de Interpretación Terras do Miño nas seguintes datas: do 23 ao 26 de xuño, do 14 ao 17 de xullo, do 1 ao 4 de setembro e do 15 ao 18 de setembro.
- 20.Participación da RB Terras do Miño na publicación “Energías Renovables para as Reservas da Biosfera”, do Centro Nacional de Educación Ambiental (CENEAM) e a Secretaría do Programa MaB en España.
- 21.Apoio ao Proxecto “Tecnoloxía Xeoespacial para Todos” que a USC presentou á Convocatoria de Axudas para o Fomento da Cultura Científica, Tecnolóxica e da Innovación da Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía.
- 22.Celebración das Xornadas “Mes de agricultura ecolóxica” o 23 de xuño en Mondoñedo, o 26 de xuño en Monforte, o 28 de xuño en Mondoñedo, o 5 de xullo en Sarria, o 12 de xullo en Viveiro e o 19 de xullo en Monforte.
- 23.Colaboración no Proxecto liderado pola Asociación Numenius e a Sociedade Galega de Ornitoloxía para o marcaxe satelital de distintas especies na Terra Cha, realizado nas inmediacións da Granxa Gayoso Castro.
- 24.Celebración do 16º Edición do encontro do hermanamento Sarria–Guerledan (Francia) para a difusión dos valores da Reserva da Biosfera Terras do Miño en agosto de 2014.



25. Colaboración coa “Asociación de Pescadores Ponte de Areas” nos traballos de limpeza e retirada de árbores na marxe esquerda do tramo do río Miño, no lugar denominado Coto de Quinde, en agosto de 2014.
26. Exposición fotográfica “Naturalmente Lugo” do 26 de xuño ao 7 de setembro no Centro de Interpretación Terras do Miño das fotos gañadoras do concurso organizado polo I Congreso Nacional de Documentalistas e Fotógrafos de Natureza celebrado en Lugo o pasado mes de outubro de 2013.
27. Celebración do proceso de participación cidadá na elaboración do orzamento da Deputación para o ano 2015.
28. Celebración de campamentos deportivos nos meses de agosto e setembro de 2014 no Valadouro (9 de agosto), Guitiriz (29 de agosto) e Vilalba (5 de setembro).
29. Publicación de artigo divulgativo da Reserva da Biosfera Terras do Miño na revista Micolucus da Sociedade Micolóxica Lucus de outubro de 2014.
30. Participación como beneficiario asociado no proxecto “Mellora e Xestión Sostible de Corredores Fluviais Atlánticos (LIFE FLUVIAL)” presentado á Convocatoria LIFE 2014 en outubro polo Instituto de Recursos Naturales y Ordenación del Territorio (INDUROT) da Universidad de Oviedo.
31. Participación como cofinanciador no proxecto “LUGO + BIODINÁMICO – PLANIFICACIÓN DUN BARRIO MULTI-ECOLÓXICO COMO MODELO DE RESILIENCIA URBANA PARA A CIDADE DE LUGO” presentado á Convocatoria LIFE 2014 en outubro polo Concello de Lugo.
32. Colaboración da Reserva da Biosfera Terras do Miño na asignatura de “Planificación e xestión de espazos naturais” impartida polo profesor



Alberto Rojo na Escola Politécnica de Lugo, o días 2 de outubro de 2014.

33. Sinatura do Convenio de Colaboración entre Organismo Autónomo Parques Nacionais e a Deputación de Lugo para a execución dun proxecto piloto de sinalización nas Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses.
34. Colaboración no V Congreso de Medio Ambiente e Saúde celebrado en Lugo os días 13 a 16 de outubro de 2014.
35. Asistencia á 13^a Reunión do Consello de Xestores de Reservas da Biosfera, celebrada en Castellet i La Gornal os días 12 a 14 de novembro de 2014.
36. Colaboración no III Curso de Veterinaria e Conservación de Fauna Silvestre celebrado en Lugo os días 15 e 16 de novembro de 2014, organizado pola USC.
37. Celebración do II Concurso Fotográfico dos bosques das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses en novembro e decembro de 2014.
38. Celebración do Ciclo de Conferencias Dr. Luis Asorey García “A Rede Natura 2000 en Galicia” entre os días 17 e 26 de novembro no Salón de Actos da Deputación de Lugo.
39. Participación na execución do Proxecto LIFE Tremedal a desenvolver entre os anos 2012–2015 nas Insuas de San Roque (Rábade e Outeiro de Rei) e os Ollos de Begonte (Begonte).
40. Colaboración no I Simposio Ibérico de Agroecoloxía e Municipalismo e Desenvolvemento Rural celebrado no campus de Lugo da USC do 12 ao 14 de decembro.



DEPUTACIÓN DE LUGO



41. Celebración de campamentos infantís de sensibilización medioambiental no Nadal de 2014 (do 19 de decembro ata o 4 de xaneiro) en Lugo.